



Centro Tecnolóxico da Lousa

Identificación:	
Termo municipal:	Carballada de Valdeorras
Provincia:	Ourense
Enderezo:	Centro Tecnolóxico da Lousa
Contacto:	Severino González
Teléfono / fax:	988 335 045 / 988 335 092
Enderezo electrónico:	asociacion@agp.es
Web:	www.AGPes

Actividade principal:	Asociación empresarial
Duración da visita:	Media hora
Reserva:	Necesaria
Grupo máximo / mínimo:	25 / 15 visitantes
Idade:	A partir de 14 anos
Prezo:	Gratuito

Que imos ver?

España é o primeiro país produtor do mundo en lousa, cun volume de exportación que supera o 80% das lousas extraídas e elaboradas. Galicia é a primeira comunidade autónoma do Estado español en produción de lousa co 60% da produción nacional.

No Centro Tecnolóxico da Lousa, atópase a sede da Asociación, o laboratorio de control de calidade e a escola de colocadores de lousa (rama de Formación Profesional).

Pode visitarse tamén unha canteira, a fábrica e un almacén.



Que hai de diferente?

No Centro Tecnolóxico o diferente son os ensaios que se realizan ás lousas e na escola de colocadores de lousas as distintas formas de colocar a lousa.

Na canteira o espectacular da mesma e a maquinaria empregada no proceso de extracción do recurso e movemento de terras.

Na fábrica o sistema de exfoliación da lousa é o máis rechamante, aínda que todo o proceso é moi interesante.



Cales son os aspectos que hai que distinguir?

No Centro Tecnolóxico hai que distinguir a xestión da Asociación no ámbito empresarial, a escola de colocadores de lousa, onde se ensina todo o relativo ás cubertas e, de maneira específica, ás de lousa, sistemas de ancoraxe, madeirame etc. No laboratorio os tipos de ensaio que se realizan á lousa, na canteira os distintos métodos de extracción do recurso e na fábrica as distintas fases do proceso produtivo.

Algunhas cuestións

- 1** Onde se concentra a maior produción de lousa de España?, en que porcentaxe?
- 2** Que proceso dos que se desenvolven no Centro Tecnolóxico chamoute máis a atención?, por que?
- 3** Para que se pode utilizar a lousa?